

VIII Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico 2014



Explotados

César Carracedo

A primeira vez

Carmen Blanco Sanjurjo

A guerra silenciosa

Fernando Epelde

Para o norte

Marcos Abalde Covelo

XUNTA DE GALICIA

RADIO GALEGA

Explotados César Carracedo
A primeira vez Carmen Blanco Sanjurjo
A guerra silenciosa Fernando Epelde
Para o norte Marcos Abalde Covelo

VIII Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico 2014



XUNTA DE GALICIA

RADIO GALEGA

ORGANIZA

Radio Galega

EDITA E COLABORA

Xunta de Galicia

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DESEÑO

Magenta, axencia de publicidade

IMPRESIÓN

Tórculo

DEPÓSITO LEGAL

C 666-2015

© Radio Galega e Xunta de Galicia, 2015

© César Carracedo, Carmen Blanco Sanjurjo, Fernando Epelde e
Marcos Abalde Covelo, dos seus respectivos textos, 2015

Reservados todos os dereitos. O contido desta obra está protexido pola lei, que prohibe a reprodución, plaxio, distribución ou comunicación pública, en todo ou en parte, dunha obra literaria, artística ou científica, ou a súa transformación, interpretación ou execución artística fixada en calquera tipo de soporte ou comunicada a través de calquera medio, sen a preceptiva autorización.

Desde a contemporaneidade e inscrito nunha tradición que fixo da radio canle de expresión artística, o Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico pretende promover a creación cultural dun corpus dramático no formato do teatro radiofónico.

A Radio Galega, a través do programa Diario Cultural e coa colaboración da Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, vén impulsando un premio que pretende fomentar a escrita de textos dramáticos para a radio e contribuír á recuperación do formato de teatro radiofónico desde unha perspectiva contemporánea.

Na oitava edición do certame, as obras *Explotados*, de César Carracedo, e *A primeira vez*, de Carmen Blanco, foron as gañadoras dos premios do xurado e da audiencia, respectivamente, dotados cada un con 3.000 euros. Xunto coas outras dúas propostas finalistas, *Para o norte*, de Marcos Abalde, e *A guerra silenciosa*, de Fernando Epelde, ven a luz agora neste libro-CD no marco da colección do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, que consta de oito volumes con 29 obras inéditas publicadas e as correspondentes adaptacións radiofónicas.

Entre o 26 de maio e o 6 de xuño de 2014, as catro obras emitíronse en diferentes programas da Radio Galega. Con adaptación radiofónica de Cristina Domínguez, foron interpretadas por César Goldi, Machi Salgado,

presentación

Mónica García, María Llanderas e Aaron Gómez Gallego,
coa realización técnica de Chus Silva.

As docentes da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia (ESAD) Cristina Domínguez e Inma López Silva, a xefa de Programas da Radio Galega, Gloria Ferreiro; a directora do Diario Cultural, Ana Romaní; e o crítico de teatro Camilo Franco conformaron o xurado do VIII Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico.

Hai xa oito anos que o Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico botou a andar. Desde a súa primeira convocatoria, unha das súas funcións, mesmo aínda sen sabelo ou pretendelo as persoas que o fixeron realidade, foi a de reinventar un xénero e a de crear un estilo, unha forma de facer radio desde a, chamémoslle, “audiocreación”; e digo crear estilo, pois os precedentes ou referentes estaban xa un pouco lonxe no tempo e a aparición deste premio supuxo un esforzo tanto técnico coma creativo para poñer ao día o radio-teatro desde as nosas experiencias noutros ámbitos escénicos ou audiovisuais.

O teatro radiofónico, practicamente desaparecido da radio desde a chegada da televisión, reaparece para ampliar o espectro da creación dramática en galego e para abrir os ouvidos dos radioouvintes a outras experiencias e historias que en moi poucos espazos ou medios de comunicación poderían ter cabida.

Facer teatro radiofónico para alguén que vén das artes escénicas é complicado. Hoxe en día, gran parte da posta en escena de toda peza teatral está condicionada pola imaxe, na que o corpo do actor ou da actriz en acción é imprescindible. Tanto espectadores coma creadores afixémonos a que a palabra forme parte dun todo no que o corpo, o xesto, dentro dun espazo dado, cunha iluminación concreta e, en xa non poucas ocasións, con material audiovisual apoiando a acción, fan que entendamos un espectáculo non só polo que se di, senón

por todo iso que está a rodear e a condicionar o corpo que fala e que se move. Pois, logo, como trasladamos todo iso ao medio radiofónico? Como facerlles chegar a situación, a acción e mesmo o subtexto dunha peza aos radioouvintes que só posúen os ouvidos para comprender e seguir a acción dramática?

A resposta está na voz do actor e da actriz, nos diferentes matices e cores da voz, que transmiten as emocións necesarias para que o ouvinte poida comprender as accións e reaccións dos personaxes. A voz núa, desprovista do corpo, xa tan difícil de comprender para o intérprete e tan complicado de asumir pola dirección, pois é ben complexo desvincular formalmente a voz do corpo. Pero aí está o segredo: descarnar a voz e apoiarse no ritmo e no ton que o texto e os personaxes están a pedir. A dificultade de chegar a ese resultado, afortunadamente, é compensada polo espazo sonoro. A capacidade da técnica para crear auténticos mundos sonoros fai posible chegar a crear ambientes, sensacións e emocións á par coa voz humana, e aí a Radio Galega imprímelle un estilo propio cheo de complexidade ao tempo que suxire.

Pero non todo é voz, ou espazo sonoro; tamén está a palabra escrita, as historias, os personaxes, que nos achegan ou nos afastan dos ouvintes, e aí os textos desta convocatoria do premio fan un esforzo por achegarse á xente e ir cos tempos que estamos a vivir (ou a padecer).

A temática deste ano no teatro radiofónico, profundamente actual, é un reflexo da nosa sociedade contemporánea en crise, complexa, chea de contradicións e violencia. En *Para o norte*, de Marcos Abalde, o terceiro mundo, representado por unha muller, un neno e un home ferido, claros símbolos da febleza e da pobreza, puxan por entrar na Europa rica, insensible á miseria e tamén ás ansias dos pobres e débiles do mundo que ansían xustiza e unha vida mellor.

Precisamente esa miseria e violencia que agora tamén estamos a experimentar na Europa do Sur queda reflectida en *Explotados*, onde a violencia e a inxustiza que supón o desemprego é tratada en clave de humor ben negro. O autor, César Carracedo, pon en boca do protagonista, un desesperado e indignado desempregado, as circunstancias que padece unha boa parte da poboación abocada ao paro e á miseria. A retranca e o humor do antagonista da peza, o comisario, provoca o efecto de profundar no drama da poboación que se sente enganada e sen futuro.

A falta de memoria, neste caso por unha enfermidade, o alzhéimer, é o protagonista de *A primeira vez*, escrita pola actriz Carmen Blanco. Esta enfermidade, auténtica lacra do século XXI, podémola entender como o tema que trata a nosa realidade desde o feito simbólico da desmemoria dunha poboación envellecida e soa, na que o amor, na súa finalidade máis fermosa, tenta salvarnos e protexernos das hostilidades da vida cotiá.

Por último, a peza quizais formalmente máis radiofónica, *A guerra silenciosa*, de Fernando Epelde, parte precisamente diso, da forma; parte da voz do intérprete-personaxe como centro da acción dramática para, a partir de aí, debullar ideas sobre o son e o ruído na sociedade contemporánea. A voz, o son, a palabra e a manipulación destes por parte do poder. Outro xeito de achegarnos un anaquiño de realidade, desde a forma até o contido.

Non quero rematar este limiar sen agradecer e pór en valor o traballo e a iniciativa das persoas que fan posible o premio, a xente do Diario Cultural e da Radio Galega, que levan a cabo, con compromiso e paixón, unha das finalidades máis importantes dos medios de comunicación públicos: atender a diversidade e a riqueza social e cultural do seu país para que as e os cidadáns poidamos acceder a experiencias culturais ás que, doutro xeito, sería moi difícil acceder.

Moitas grazas e moitos anos!

Cristina Domínguez

Explotados

César Carracedo

P R E M I O D O
XURADO

CENTRAL (*Son radio*): A todas as unidades! A todas as unidades! Temos un 245 na rúa Carnota! A todas as unidades! Precisamos reforzos na rúa Carnota!

CASTELO: Z-15 a Central. Aquí o comisario Castelo. Informe da situación. Cambio.

CENTRAL: 245 en rúa Carnota, comisario. Hai un home armado e varios reféns.

CASTELO: Falamos do Banco Nacional?

CENTRAL: Negativo. Non é o Banco Nacional. Trátase dunha... (*Interferencias*)

CASTELO: Repita, Central. Onde se activou o 245?

CENTRAL: 245 na oficina de emprego da rúa Carnota. Repito. Oficina de emprego da rúa Carnota. Home armado e varios reféns. Solicitamos reforzos de inmediato. A todas as unidades! A todas as unidades!

(Actívase unha sirena de emerxencia; escóitase como un coche derrapa sobre o asfalto e como o motor se revoluciona a medida que o vehículo acelera. O estrépito da sirena mesturado co do tráfico dá paso ao título da peza..)

EXPLOTADOS

(O coche volve dar unha freada ao deterse. Apágase a sirena, ábrese e péchase a porta do condutor e o ambiente sonoro queda

dominado entón polo balbordo da rúa: xente que se amorea no lugar do suceso, aparellos de radio que non deixan de latricar incomprensiblemente, o ruído apagado dun helicóptero que sobrevoa a zona..)

AXENTE: Comisario, comisario... O atracador quere falar con vostede.

CASTELO: Atracador?

AXENTE: Atracador, asaltante... O que sexa. Pide falar coa persoa ao mando.

CASTELO: Non chegaron aínda os da unidade de negociación?

AXENTE: Están en camiño. Os da unidade de asalto están a tomar posicións. E temos tiradores situados nos pisos altos. Alí e alí.

CASTELO: Quen vén sendo o prenda?

AXENTE: Varón, raza branca, entre 35 e 45 anos. Perfil típico de parado de longa duración. Descoñecemos a súa identidade. Entrou a man armada hai uns vinte minutos. Non descartamos que a pistola sexa de fogueo, pero namentres temos máis de 30 reféns.

CASTELO: Tantos?

AXENTE: É unha oficina de emprego, señor. Se fose un banco...

CASTELO: Vale, vale. Pásame con el.

(Os sinais de chamada dun teléfono. Descolgan)

ATRACADOR: Si? Quen chama?

CASTELO: Son o comisario Castelo. Dixéronme que quería falar comigo.

ATRACADOR: É vostede quen leva o cotarro?

CASTELO: Eu son o policía de maior rango por aquí. O cotarro, polo que vexo, lévao vostede.

ATRACADOR: Niso leva razón. Ten poder para negociar?

CASTELO: Intentarei axudalo no que poida. Antes quero saber como están os reféns.

ATRACADOR: Por agora ben. Pero só por agora, non sei se me explico.

CASTELO: Perfectamente. Qué é o que pide a cambio da súa liberación?

ATRACADOR: Traballo.

CASTELO: Qué!

ATRACADOR: Traballo. Tra-ba-llo. Qué vou querer? Isto é unha oficina de emprego, ou!

AXENTE *(En voz baixa)*: Qué di que quere?

CASTELO: Un traballo.

AXENTE: Mimá! Non saímos hoxe de aquí.

CASTELO: Escoite, amigo...

ATRACADOR: Nin amigo nin farrapos de gaitas. Escóiteme vostede a min. Ten unha hora para conseguirme un traballo. Sesenta minutos, comisario. Nin máis nin menos. Se nese tempo non fai baixar vostede as cifras do paro, baixareinas eu á miña maneira.

CASTELO: Qué quere dicir?

ATRACADOR: Que teño unha pistola e un cinto cargado de explosivos. E que aquí dentro hai máis de trinta persoas sen choio. Supoño que sabe o que pasará se non fai o que lle digo.

CASTELO: Unha hora é pouco tempo.

ATRACADOR: Non me importa.

CASTELO: Non chega unha hora. Déase conta de cómo está o mercado laboral.

ATRACADOR: Unha hora, comisario. Se non...

(Colga. Escóitanse os sinais acústicos que indican que se cortou a comunicación)

CASTELO *(Dirixíndose ao axente)*: Chama os artificieiros. E a un orientador laboral.

AXENTE: Un qué?

CASTELO: Veña, bule! Fai o que che digo.

(Os sinais de chamada dun teléfono. Descolgan)

ATRACADOR: Qué pasa?

CASTELO: Son o comisario Castelo.

ATRACADOR: Qué hai do meu?

CASTELO: Verá, señor... Como se chama vostede?

ATRACADOR: Precariedade é o meu nome. Ten o que lle dixeran?

CASTELO: Creo que si.

ATRACADOR (*Abraiado*): En menos de quince minutos? Comisario, macho... Deberían nomealo presidente. Ou conselleiro, como mínimo. Dígame.

CASTELO: Teño un amigo que ten unha empresa na que precisan xente.

ATRACADOR: Siga...

CASTELO: Trátase de cubrir unha baixa por enfermidade, con posibilidade de quedar en nómina se convence. Sería contrato de substitución, a media xornada, con dispoñibilidade completa e cobrando o mínimo interprofesional. A min paréceme que para os tempos que corren non está nada mal.

ATRACADOR (*Cortante*): Vaia vacilar un santo. Iso non é un traballo, é unha parodia. Búsqueme algo mellor.

(Os sinais de chamada dun teléfono. Descolgan)

ATRACADOR: Outra vez? Tan rápido?

CASTELO: O meu amigo di que, se o prefire, pode facturarlle como autónomo e pagarlle un pouco máis co que se aforra nas cotizacións á seguridade social... Iso si, debe traballar en exclusiva para a súa empresa.

ATRACADOR: Pero... mecágonas fraude fiscal! De qué vai isto?

CASTELO: É o máximo que podo ofrecerlle en tan pouco tempo. E fágolle un favor, que conste. Eu non podo negociar con parados nin con pistolas enriba da mesa.

ATRACADOR: Mire, non me volva chamar até que teña un traballo de verdade. Un traballo digno e decente, *capisci*?

(Os sinais de chamada dun teléfono. Descolgan)

CASTELO: Ola. Son o...

ATRACADOR: Outro contrato-lixo?

CASTELO: Pídlle certa flexibilidade. Facemos o que podemos.

ATRACADOR: De qué se trata agora?

CASTELO: Hai varias empresas do sector servizos que

estarían dispostas a contratalo por horas. Non é gran cousa, xa o sei. Pero sumándoas todas terá unha xornada laboral completa. De feito, segundo os meus cálculos, terá que traballar entre 9 e 12 horas ao día, fins de semanas incluídos. Iso si, con dereito a parte das propinas.

ATRACADOR: Pero... mecágon a temporalidade! Qué entende vostede por traballo digno?

CASTELO: A situación económica non dá para máis, ten que comprendelo. Mentres non flúa o crédito, non se reactivará o consumo, non medrará o PIB e non haberá creación de emprego neto.

ATRACADOR: Pois mentres eu non consiga traballo de aquí non sae ninguén. A non ser polos aires, claro... Así que, xa sabe. Quédalle cada vez menos tempo.

(Os sinais de chamada dun teléfono. Descolgan)

ATRACADOR: Qué!

CASTELO: A ver. Voulle pasar con alguén. Non colgue, por favor.

ORIENTADOR: Ola, bos días.

ATRACADOR: Quen fala?

ORIENTADOR: Son o orientador laboral.

ATRACADOR: O qué? Veña, carallo, veña! Póñame co comisario.

CASTELO: Estou á escoita.

ATRACADOR: Tóname o pelo ou rise de min?

CASTELO: Para nada.

ATRACADOR: Un orientador laboral? A min non me engana. O único que pretende é terme ocupado para preparar un asalto. Advírtolle que en canto alguén intente entrar aquí, fago que salte todo polos aires. Así sexa o último que faga.

CASTELO: Acougue un anaco, home. Vostede a que aspira? A un contrato indefinido ou un temporal?

ATRACADOR: Indefinido, indefinido... E nada de media xornada, que despois báixame moito a base de cotización.

CASTELO: Pois daquela imos facer as cousas ben. Se non... por min ofrézolle outra substitución dun mes e santas pascuas, que eu non teño nada que perder.

ATRACADOR: Vale. Páseme co orientador ese.

ORIENTADOR: A ver... Dígame cal é a súa formación.

ATRACADOR: Son licenciado en Humanidades pola Universidade da Coruña, en Filoloxía pola de Santiago e en Bioloxía pola de Vigo.

ORIENTADOR: Hum, si, si... Moi ben. Humanidades, Filoloxía, Bioloxía... (*Retranqueiro*) Non había carreiras con menos saída?

ATRACADOR: Estaba Relacións Laborais. Pero tiñan a cota completa con capullos coma vostede.

ORIENTADOR: Ben, sigamos. Ten algún máster?

ATRACADOR: Dous.

ORIENTADOR: Cursos de posgrao?

ATRACADOR: Tres.

ORIENTADOR: Idiomas?

ATRACADOR: Catro.

ORIENTADOR: Idade?

ATRACADOR: Trinta e sete.

ORIENTADOR: Experiencia laboral?

ATRACADOR: Fixen prácticas ao saír da Universidade, conseguín un contrato de formación cando acabei as prácticas e encadeei contratos temporais e contratos por obra ata que me despediron para non facerme fixo. Despois, durante un tempo, permitíronme traballar como falso autónomo e en negro, pero, oficialmente, levo dous anos no paro.

ORIENTADOR: Moi ben. Creo que con isto xa está todo. Chamarémo de novo en canto saibamos algo.

(Colga. Escóitanse os sinais acústicos que indican que se cortou a comunicación)

CASTELO: Qué? Como ve a cousa?

ORIENTADOR: Buá! Fatal. Aquí non hai nada que facer.

CASTELO: Nada?

ORIENTADOR: Nada de nada. Este fulano está sobrecualificado, home. Ten formación e experiencia para parar un carro e así non hai a onde ir. Noutras circunstancias diríalle que preparase unha oposición, pero xa non as convocan. Comisario... Este tío é carne do INEM. Non lle conseguirá traballo nin nunha hora nin nun ano. Está condenado a ser un parado de longa duración toda a vida.

CASTELO: Entón... qué podo facer? Acábasenos o tempo!

ORIENTADOR: Pode ofrecerlle cartos. Ofrezalle cartos, se quere. É o único que se me ocorre. Se ao final o problema sempre son os cartos, non o traballo.

(Os sinais de chamada dun teléfono. Descolgan)

ATRACADOR: Castelo?

CASTELO: Si. Teño algo para vostede.

ATRACADOR: É a súa derradeira oportunidade. Queda menos dun minuto.

CASTELO: Seino. Pero creo que isto lle vai convencer.

ATRACADOR: Qué me ofrece?

CASTELO: 300 mil euros en billetes pequenos e sen

marcar. Un pasaporte novo e transporte rápido ao aeroporto, onde poderá coller o primeiro voo a algún país tropical sen extradición.

(Hai un intre de silencio, de dúbida)

ATRACADOR: Pedinlle un traballo.

CASTELO: Isto é mellor que un traballo, fágame caso. Son vacacións pagadas para case toda a vida.

ATRACADOR: Se quixera diñeiro non estaría nunha oficina de emprego. Quero un traballo. Quero gañar o meu diñeiro. Eu non estou en venda, comisario. Eu non son o que vostede pensa. Acabóuselle o tempo!

CASTELO: Espere! Espere! Recapacite! Non pode...

ATRACADOR: Adeus, comisario. Cando o próximo mes vexa os bos datos da EPA e do paro rexistrado, pense en min e nesta pobre xente.

(Colga. Escóitanse os sinais acústicos que indican que se cortou a comunicación. A continuación, un terrible e atronador estoupido, que o enche todo por un intre. Cando regresa a calma, escóitase o son dunha alarma antirroubo)

CASTELO: Pero qué pasou? Onde foi a explosión? A oficina de emprego segue intacta...

AXENTE (*Case sen dar o alento, como se chegase correndo*):
Comisario, comisario... Era todo un engano, comisario!

CASTELO: Qué?

AXENTE: O da oficina de emprego... Era só para despistar. O atracador non quería un traballo nin nada. Tívonos entretidos durante unha hora mentres os seus cómplices desvalixaban o Banco Nacional.

CASTELO: E a explosión?

AXENTE: Foi baixo terra, nun túnel que cavarón entre a oficina de emprego e o banco para chegar a cámara acoirazada. Entraron e fuxiron por el, pero quedou desfeito tras a explosión. A saber onde están a estas horas. Tomáronnos o pelo... pero de carallo.

CASTELO: Pero... Pero... Non pode ser... Ese home... (*Moi cabreado*) Mecágonas fraude fiscal, mecágonas temporalidade e... mecágonas precariedade!

A primeira vez

Carmen Blanco Sanjurjo

P R E M I O D A
AUDIENCIA

ANA.- 55 anos

DAVID.- 60 anos

(Son de chaves abrindo a cerradura dunha porta e os pasos de Ana e David que entran na habitación rindo)

ANA: E esta é a miña casa. Qué che parece?

DAVID *(Sorrindo tímido)*: Tes unha casa moi acolledora
Hai moito que vives aquí?

ANA: Xa hai máis de vinte anos.

DAVID: E vives soa?

ANA *(Dubidando por un segundo)*: Si, vivo soa.

DAVID: E non che dá medo vivir soa?... Isto está un pouco apartado.

ANA: Non, a miña irmá vive moi preto e ademais (rindo)
xa viches que teño cans.

DAVID: Jajaja... Pero se os teus cans me recibiron coma
se me coñecesen de sempre!

ANA: Jajaja... Si *(cunha mistura de agarimo e mágoa)*, eses
mastíns son uns malditos relacións públicas, se algún día
decide vir un ladrón, matarano a lambetazos! Jajaja.

DAVID: Si... Jajaja... (*Silencio*) Estás moi guapa cando ris.

ANA: Grazas... (*Nerviosa*). Apetécete tomar algo? Un café... Un té?

DAVID: Non, grazas, prefiro algo máis forte... Tes coñac?

ANA (*Dubida un segundo*): Non... Síntoo... Coido que o máis forte que teño é unha cervexa... É que non bebo nunca.

DAVID: Non importa, non te preocupes, estou ben así...

ANA en off. -Entón acercou a súa man á miña cabeza e arranxou un guecho do meu cabelo... non sei o que me pasou, había tanto tempo xa que ninguén me tocaba dese xeito, con tanta dozura, que non o puiden evitar... biqueino, biqueino nos beizos... coido que o sorprendín porque non me devolveu o bico, pero tampouco se apartou, e cando o mirei estaba a sorrir.

ANA: Espero que non penses que fago isto a miúdo.

DAVID: O qué?

ANA: Isto de traer á miña casa o primeiro descoñecido que atopo nun bar... prométoche que non me pasara nunca.

DAVID: Asegúroche que xamais se me ocorrería pensar tal cousa.

ANA: De verdade?

DAVID: Claro... A min pásame igual... Non pensarías que

son deses que saen a ligar polos bares?

ANA: Non, claro que non.

(Rin os dous. Son coma dous adolescentes. Hai un breve silencio incómodo)

ANA: Ehhh... Gústache bailar?

DAVID *(Dubidando)*: Creo que non...

ANA *(Divertida e estrañada)*: Cres que non? Cómo que cres que non?... Gústache ou non che gusta...

DAVID: Hai tanto tempo que non bailo... que xa nin me lembro.

ANA *(Rindo)*: Pois iso imos solucionalo agora mesmo, mira, aquí precisamente teño o meu aparato de música. Escoita, a ver qué che parece.

(Soa "Me and Mrs Jones", de Billy Paul)

DAVID: Esta canción... esta canción sempre me gustou...

ANA: Bailamos?

ANA en off: -Abrín os brazos sorrindo, el achegouse tímido e

puxémonos a bailar, primeiro cos corpos separados e con certa torpeza, pero pouco a pouco, a música foínos acercando, pechei os ollos, sentín que estaba ao bordo das bágoas. Acaricielle as costas e afundín a cabeza no seu peito, morría de ganas de bicalo, pero case non me atrevía nin a respirar gozando do momento, dábame medo perder a maxia, deixeime levar, paseniño e moi devagar, como sen querer, achegou a súa cara xunto á miña e bicámonos... bicoume como había moito tempo que ninguén me bicara, bicoume como xa pensei que ninguén me ía bicar nunca máis, entón a emoción puido máis que a paixón e escapoume unha bágoa.

ANA (*Saloucando*): Había tanto tempo xa...

DAVID (*Respira fondo*): Eu síntoo, pero non o podo facer...

ANA en off. -Afasteime mentres que sentía cómo o chan afundía baixo os meus pés. Tentando controlar as bágoas baixei a música. (Baixa a música, a canción segue a soar ata que remata e entón continua o CD co tema de Chet Baker "Why Shouldn't you cry" ata o final da obra)

ANA: Por favor, perdoa, non te quería molestar.

DAVID: Non, non, por favor, non me molestaches en absoluto...

ANA: Eu... eu... non adoito facer isto, de verdade... Non sei como puiden pensar que unha vella coma min...

DAVID (*Interrompendo*): Por favor, non digas iso, ti non es unha vella...

ANA (*Con ironía*): Pois tampouco podemos dicir que sexa unha rapariga...

DAVID: En fin, eu tampouco son un adolescente, precisamente...

ANA: Xa...

DAVID: Non se trata de ti, ti es marabillosa... Son eu.

ANA (*Tentando tomalo a broma*): Pero home, esa é unha escusa aínda máis vella ca min... Non es ti, son eu, agora non quero iniciar unha relación... Jajaja...

DAVID: Pero é que é a verdade, non se trata de ti.

ANA: De verdade, non te preocupes, non precisas explicarme nada, estou ben... perdoa, emocioneime...

DAVID (*Interrompendo*): Non, perdóame ti a min. Debincho dicir antes de vir á tua casa.

ANA: Dicirme... qué?

DAVID: Que eu... que eu son... un home casado.

ANA: Ah... xa...

DAVID: Non sei que me pasou, asegúroche que isto non me ocorrera nunca. Cando te achegaches a min no bar, con ese sorriso... tan precioso... Esquecino todo, e cando nos puxemos a falar era como se te coñecese de sempre.

ANA (*Sorrindo*): Si... parecía que non podías parar de

falar! Jajaja. Vaia lección que me deches sobre a cría de pombas!

DAVID: Si, verdade?

ANA: Si... Jajaja.

DAVID: É que é algo polo que sinto paixón... Sabes?... Sabías que o ano pasado gañei o campionato provincial de pombos deportivos?

ANA: O ano pasado?

DAVID: Si, e este ano vou participar de novo. Curro é o meu campión.

ANA: Curro?

DAVID: Si, Curro é un pombo deportivo...

ANA: Un pombo deportivo?... Jajaja...

DAVID: Si, verás... O pombo deportivo é unha modalidade de competición moi especial. Trátase de que este se afaga ao pombal para que volva a el, e que cando o soltes namore outro...

ANA: O qué?

DAVID: Si, ten que namorar outro e atraelo ao pombal, e entón o dono do pombo pode quedar co pombo atraído.

ANA: Jajaja... pero... As pombas namóranse?

DAVID: Non todas, pero hai pombas que se emparellan para toda a vida. O ritual de apareamento das pombas é moi bonito.

ANA: Qué?

DAVID: Veña, érguete. Ti vas ser a pomba e eu son o pombo... Verás, o macho saca o peito e baila ao redor, así... rrrrro... rrrro... *(Imita o son dos pombos cando cortexan)*

ANA: Jajaja. Pero que fas?

(David ponse a rondala arrullando coma se fose un pombo, mentres que Ana morre co riso)

ANA: Jajaja... Estás tolo?

ANA en off. -David ficou en suspenso, como se de súpeto se decatase de que efectivamente estaba a facer o tolo, o seu desconcerto doume mágoa, había un intre semellaba tan feliz coma un neno pequeno e agora ata parecía arrepentido desa ledicia, como se lle dese vergonza esquecerse tanto de si mesmo.

ANA: Sigue, sigue a contarme... Que máis fan as pombas?

DAVID *(Volvendo animarse):* Pois... danse biquiños antes de aparearse.

ANA *(Irónica):* Jajaja... Que casualidade! E non van primeiro cear?

DAVID: Dalgún xeito si, o macho dálle farangullas á femia... Jajaja.

ANA: Jajaja... Dálle farangullas?... Se alguén mas dera a min, eu tamén me namoraría. Jajaja.

DAVID: Jajaja!

ANA: Estouno a pasar moi ben contigo...

DAVID: ...E eu contigo... Pero será mellor que marche...

ANA: Non, espera un pouquiño... Por favor.

DAVID: É que se quedo... Vou querer bicarte...

ANA (*Intima*): E que hai de malo niso? Non ten nada de malo que queiras bicarme... Eu... Eu tamén te quero bicar... David, vouche contar un segredo...

DAVID: Cal?

ANA: Eu tamén son unha muller casada... David, non marches... Imos esquecer quen somos. Imos vivir este momento sen que nos importe quen somos... só unha vez... só unha noite.

DAVID: Non... non podo facer iso... Eu... eu non podo esquecer quen son...

(Ana ri, non pode crer o que acaba de escoitar... O que lle está a pasar empézalle a parecer surrealista, cada vez ri máis forte, case de maneira histérica)

ANA: Perdoa, pero é que me parece unha ironía o que acabas de dicir... Jajaja... Para unha vez que ligo cun

guapo descoñecido nun bar é un home casado... Jajaja...
que non pode esquecer quen é... liguei co único home fiel
do planeta... Jajaja...

DAVID: Será mellor que marche.

ANA: Non, por favor! Perdóame!... Non marches... Se
marchas agora, ficarei moi triste... E pensarei que son
unha idiota fracasada.

DAVID: Non deberías dicir iso de ti mesma... De ningunha
maneira creo que sexas unha idiota fracasada... Xúroche
que se non estivese casado non o dubidaría nin por un
momento...

ANA: Escoita David... De verdade que nunca lle fuches
infel á túa muller?

DAVID: Non, nunca.

ANA: Nin unha soa vez?

DAVID: Non, nin unha soa vez...

ANA: A túa muller é unha muller afortunada...

DAVID: Non, son eu o que son afortunado... É que ti non
imaxinas como é ela...

ANA: Como é ela?

DAVID: Ela é... Ela é... Todo para min.

ANA (*Emociónase*): É moi bonito iso que dis...

DAVID: É a verdade, para min ela é... Coma o meu fogar,
coma estar na casa... Sabes? Non aturo estar na casa cando

ela non está, cáeme enriba e saio a pasear... Por iso me encontraches só nesa cafetaría...

ANA: Entendo... Sigue... Sigue a falar dela... Como vos coñecestes?

DAVID: Xa hai moito tempo diso... Foi nun verán. Eu tamén era máis novo. Era unha tarde moi calorosa, estabamos na praia, ela non tiña cambio para mercar un xeado e eu convideina... Púxemonos a parolar e dende entón non nos separamos... Ela salvoume.

ANA: De qué te salvou?

DAVID: De min... Creo que non había estar vivo se ela non aparecese na miña vida. Eu era un rebelde, un “bala perdida”, sempre metido en leas, en pelexas, bebía, bebía moito... E ela salvoume...

ANA: Cómo te salvou?

DAVID: Lembro unha tarde...

ANA: ...Si?

DAVID: ...Lembro unha tarde... nese verán no que nos coñecemos... A min gustábame moito nadar, pero ela non quería nadar comigo, dicía que a auga estaba moi fría... Pero eu quería que nadase comigo, e entón... Entón finxín que afogaba, que me dera unha cambra... Ela estaba na beira, berrando desesperada, pero naquela cala non había ninguén máis ca nós os dous... Jajaja... E entón ela... Ela lanzouse a por min... Jajaja... Lanzouse a por min e non sabía nadar! Jajaja... E ese día salvoume. Tivena que salvar eu a ela... Pero ese día salvoume, dalguna maneira volvín nacer... Volvín crer nas persoas,

volvín crer que aínda pagaba a pena vivir... Ese día ela enfadouse moito comigo, case afoga a pobre... E entón, para que me perdoase, regaleille unha cuncha que atopei na area e pedínlle que casase comigo... Por iso non podo quedar, por iso teño que marchar.

ANA: Non por favor, non marches, sigue recordando...

DAVID: Déixame, non podo quedar.

ANA: Non, o que non podes facer é marchar. Escóitame, David, e intenta recordar, mira... mira esta cuncha que levo colgada no pescozo, por favor, regaláchesme esta cuncha e pedíchesme que casase contigo.

DAVID: Pero... quen... es ti?

ANA: David... Son Ana... Son a túa muller.

DAVID: Pero, pero... Non pode ser... Ana é moito máis nova ca ti

ANA: Non, meu amor, só na túa cabeza son máis nova ca ti... Pero son eu, eu son Ana, a que se botou a salvarte sen saber nadar, a que te ten que convencer cada noite para que non marches.... Mírame, amor meu, estou aquí, detrás das engurras, están os meus ollos, os mesmos ollos...

DAVID: Os teus ollos... *(Fai un esforzo supremo por recordar mirando os seus ollos)*... Os teus ollos... Ana... Ana... *(Asustado)* Que me pasa, Ana? Que me pasa?

ANA: Nada meu amor, non pasa nada, só estás enfermo, nada máis, non te preocupes... Aínda que ti non saibas quen son eu... Eu si que sei quen es ti...

Para o norte

Marcos Abalde Covelo

FINALISTA

MENIÑO

NAI

HOME

(Un vehículo vai pola autoestrada)

MENIÑO: Aínda non chegamos?

NAI: Aínda non.

MENIÑO: Canto levo durmido?

NAI: Máis dunha hora. Que soñaches?

MENIÑO: Por que?

NAI: Rías en soños.

MENIÑO: Non me lembro.

NAI: Debeu de ser un soño ben bonito.

MENIÑO: Eu quero ir para a casa.

NAI: Agora non podemos dar a volta. Ten paciencia.

MENIÑO: Aborrézome.

NAI: Sabes que tes que estar quietiño.

MENIÑO: Tiñamos que ter traído a Sari?

NAI: Están prohibidos os cans.

MENIÑO: Agora podía brincar con el.

NAI: Onde imos hai un parque moi grande.

MENIÑO: E teñen bambáns?

NAI: Claro. Hai de todo. Valo pasar moi ben, xa verás.

(Tránsito da autoestrada)

MENIÑO: Mamá, teño sede.

NAI: Non podes aguantar?

MENIÑO: Teño a boca seca.

NAI: Antes bebiches toda a auga que restaba. Non che dixen que non a bebeses dun golpe?

MENIÑO: Non hai nada?

NAI: É tan longa esta viaxe...

MENIÑO: Non podo beber?

NAI: Pensa no teu avó. El pode pasar días enteiros sen gota de auga.

MENIÑO: Eu aínda son pequeno.

NAI: Douche un biquiño nos beizos? Toma a miña saliva.

(A nai dálle un beixiño)

MENIÑO: Xa estou mellor.

NAI: Tenta pensar noutra cousa.

MENIÑO: O avó por que non veu?

NAI: Quen ía coidar da casa?

MENIÑO: Bótoo en falta.

NAI: Aquel non é sitio para un neno.

MENIÑO: Eu alí estaba ben.

NAI: Axiña farás novos amigos e esta viaxe só vai ser un mal recordo.

MENIÑO: Estes señores por que non falan?

NAI: Non queren perder forzas.

MENIÑO: Parecen como mortos.

NAI: Non digas iso.

MENIÑO: Fai tanta calor...

NAI: Somos moitos e hai pouco espazo. Foi o mellor que encontrei.

MENIÑO: Eu non teño queixa, mamá.

(Séntese a respiración do meniño asmática e profunda)

NAI: Respira amodiño. Moi ben. Así.

MENIÑO: Ti non estás cansa?

NAI: Un pouco.

MENIÑO: Non podíamos abrir un furado?

NAI: É mellor non chamar a atención.

MENIÑO: Moi miudiño.

NAI: Non sei.

MENIÑO: Cústame respirar.

NAI: De verdade?

MENIÑO: Estou a marearme.

NAI: Non sei onde metín a navalla.

MENIÑO: Ha de estar na bolsa.

NAI: Aquí está.

MENIÑO: Só un dedíño.

NAI: Non llo digas a ninguén.

MENIÑO: Non.

NAI: Que dura é esta lona!

(A nai abre un furado coa navalla e racha a lona)

NAI: Que tal así?

MENIÑO: Deixa que entre o aire.

NAI: Acouga un pouco.

MENIÑO: Que hai aí fóra?

NAI: Non queres mirar?

MENIÑO: Dáme medo. Ti que ves?

NAI: Campos, campos e máis campos.

MENIÑO: Non hai meniños?

NAI: Non?

MENIÑO: E casas?

NAI: Tampouco.

MENIÑO: E árbores?

NAI: Non.

MENIÑO: Houbo unha guerra?

NAI: A xente vive nas cidades.

MENIÑO: E quen traballa os campos?

NAI: Uns brazos xigantes de metal.

MENIÑO: O que?

NAI: Uns brazos xigantes...

MENIÑO: Pecha ese furado.

NAI: Non queres velos?

MENIÑO: Asústasme.

NAI: Parecen chegados do futuro.

(Ruído de tránsito)

MENIÑO: Se teñen eses brazos, aquí a xente ha de traballar menos, non si?

NAI: Aquí a xente vive tan ben que até os cans van ao médico.

MENIÑO: Cando cheguemos, podíamos ir ao parque?

NAI: Onde queiras, cariño.

MENIÑO: E á praia?

NAI: Tamén. E vouche mercar unha pa e un caldeiro.

MENIÑO: Prométesmo?

NAI: Prometido.

MENIÑO: Que ben!

NAI: E eu vou alisar o cabelo e atopar un traballo.

MENIÑO: A min gústasme así.

NAI: Mira. Pon a orella. Case se pode sentir o mar.

MENIÑO: Eu só sinto os carros.

NAI: Concéntrate. Pecha os ollos. É un rumor moi suave...

(O mar fúndese co tránsito da autoestrada)

MENIÑO: Mamá!

NAI: Que, meu rei?

MENIÑO: Teño que facer pipí.

NAI: Co que bebiches non me estraña.

MENIÑO: Que fago? Non podemos parar un momento?

NAI: Por que non mexas polo furado?

MENIÑO: Dáme medo.

NAI: A ver. Que che podo dar?

MENIÑO: Vou mexar por min.

NAI: Toma a cunca.

MENIÑO: Vaime ver todo o mundo.

NAI: Eu tápote.

(O meniño mexa nunha cunca de metal)

MENIÑO: Case rebento. E agora?

NAI: Vaino tirar detrás daquelas caixas. Alí non hai ninguén.

MENIÑO: Eu só?

NAI: É o teu pipí.

(O meniño vai tropezando coa xente)

MENIÑO: Desculpe. Desculpe. Ai! Non quería.

HOME: Ei, cativo, anda con coidado!

MENIÑO: Falas a miña lingua?

HOME: Logo non me entendes?

MENIÑO: Móvese moito o camión.

HOME: Que levas aí?

MENIÑO: Nada.

HOME: Déixame ver. Cacho mexada!

MENIÑO: Non berres.

HOME: Carai! Estás feito un home!

MENIÑO: Tiña moitas ganas.

HOME: Viñeches só?

MENIÑO: Non.

HOME: E túa nai?

MENIÑO: É aquela señora.

HOME: E teu pai?

MENIÑO: Morreu.

HOME: Túa nai é unha muller moi guapa. A onde ides?

MENIÑO: Para o norte.

HOME: A que cidade?

MENIÑO: A unha con praia.

HOME: A tomar o sol?

MENIÑO: Eu vou facer un castelo de area.

HOME: Neste tempo no norte vai moito frío.

MENIÑO: Como o sabes?

HOME: Non é a primeira vez que veño.

MENIÑO: Fuches ver os teus pais?

HOME: Digamos que si.

MENIÑO: Canto falta para chegar?

HOME: Non creo que moito.

MENIÑO: É verdade que aquí os meniños almorzan pan con azucre?

HOME: Quen che dixo iso?

MENIÑO: Miña nai. Viuno na televisión.

HOME: Non todo o que contan na televisión é verdade.

MENIÑO: Entón é mentira?

HOME: É verdade só para uns poucos.

MENIÑO: Se queres, podemos ir xuntos á praia.

HOME: Claro. Ti como te chamas?

MENIÑO: Ahmed.

HOME: Es un bo rapaz, Ahmed.

MENIÑO: Que tes na perna?

HOME: Non é nada. Unha rozadura.

MENIÑO: Ságrache moito!

HOME: Manqueime ao subir.

MENIÑO: Podes andar?

HOME: Non teredes algo para beber?

(Sirenas da policía. O camión reduce a velocidade)

MENIÑO: Paramos?

HOME: Vai onda a túa nai!

MENIÑO: E a cunca?

HOME: Trae para aquí!

(O meniño vai aos trambollóns até dar con súa nai)

MENIÑO: Desculpe. Non quería. Ai!

(Ladran os cans. A muller fala baixo e moi asustada)

NAI: Ven ao meu colo.

MENIÑO: Chegamos?

NAI: Non, filliño, aínda non.

MENIÑO: Aquí tamén teñen cans!

NAI: Non te asomes.

MENIÑO: Por que?

NAI: Agóchate!

MENIÑO: Podemos baixar?

NAI: Cala.

MENIÑO: Quero ver os cans.

NAI: Non fales.

MENIÑO: Por que?

NAI: Shshsh.

MENIÑO: Non chores, mamá.

NAI: Shshsh.

MENIÑO: Eu estou aquí.

NAI: Shshsh.

MENIÑO: Non chores.

(Cada vez os cans ladran máis forte)

A guerra silenciosa

Fernando Epelde

FINALISTA

Nota: A calidade tonal de cada unha das voces que aparecen na peza será fundamental para o seu correcto desenvolvemento.

A voz 1 ha de ser unha voz feminina de timbre agudo.

A voz 2 ha de ser unha voz masculina de ton medio, moi corrente.

A voz 3 ha de ser tamén masculina e moi grave.

VOZ 1: Ola?

Ola? Escóitame?

Sei que me escoitas.

Parecerache estraño, pero estouche falando a ti.

Esta mensaxe está intensamente dirixida... A ti, que estás alén da emisión.

É unha gravación. Eu xa non estou aquí... Cando escoitares isto... Xa non estarei.

Non son máis que unha interferencia. Ruído...

(Soa ruído branco, non demasiado intenso. Unha pequena interferencia)

Esqueciches o que era o ruído... Simplemente porque xa non existe.

O ruído era unha cousa que interfería na túa correcta percepción da realidade.

O ruído era isto:

(Soa outra vez son de interferencias. Esta vez máis intenso)

Non vou darche o meu nome. Non o necesitas.

(O ruído cesa)

O ruído tamén era isto:

(Soa música METAL atronadora)

Mais nós mudamos.

E aceptámolo. Logo que deixamos de o considerar ruído, deixou de ser molesto.

(Cesa a música)

De modo que agora chamámoslle música e sae nos libros de texto... E hai que estudalo.

Foi entón cando os paxaros comezaron a estar afónicos, porque a contaminación acústica nas nosas cidades fíxose tan grande que non conseguían atraer as súas femias.

Os paxaros gritan.

(Escoitamos o son de corvos grasnando salvaxes)

Sería xenial que te puideses concentrar un momento. Sería xenial poderes pechar os ollos e reservares estes dez minutos para me escoitar.

(Escóitase un disparo e os corvos cesan)

Din que o ornitólogo que lle realizou a primeira autopsia a un xílgaro, abriuno en canal –un canal pequeniño– e... cando o tiña exposto na padiola, aberto de par a par, como unha sanduiche de pavo, mirou os seus alumnos e díxolles enigmático: “Con que non era máis que unha voz...”.

(Soan doces cantos de paxaros)

(Soa a melodía dun teléfono móbil e un dedo que enmudece o son)

Podemos silenciar case calquera cousa. Controlamos o volume de todo o que nos rodea e levamos a música a outra parte.

Podes enmudecer televisións, teléfonos, tubos de escape, nenos choróns e os disparos das armas de fogo.

Mais, non podes lembrar os sons que poboan os teus soños. Porque aí ninguén che garante o control.

(Soa unha interferencia suave)

Baixa o volume do teu receptor ou muda de emisora se estás cansado de me escoitar.

Nada nin ninguén cho pode impedir. Ninguén te pode obrigarte a escoitar cousa ningunha.

Pero se o fas... non saberás se continuo aquí, e será como cando ves iluminada a pantalla do teu móbil, aínda que silencieses o ton. Como cando entreabres a porta do frigorífico e te preguntas se esa luz que resplandece no seu interior seguirá aí... ao outro lado. Ou como cando pechas os ollos e dubidas da continuidade da túa pequena realidade.

(Soan metralladoras)

É unha guerra silenciosa.

(Cesan metralladoras)

E agora que sabemos que o ruído era tan só un punto de vista en que ti e túa avoa non ides lograr pórdesvos de acordo nunca... Moléstanche as cousas máis insospeitadas. A interferencia é un inimigo individual que che ataca directamente o sistema nervioso.

Moléstache ouvires teclear o teu amante no computador, moléstache o timbre de voz dalgunhas persoas, moléstache como tragan ao beberen. Moléstache a xente, pero non os ruídos, porque deixaron de existir.

(Soa música opaca, sen brillo, desde o interior dun casco de guerra)

O son da guerra soa a toda hostia no interior dos cascos dos soldados... no interior das súas cabezas, mentres disparan. Mais, todo é tan aséptico... que nin eles propios poden escoitar o son dos proxectís que lanzan.

O goberno pon música nos seus cascos para que matar sexa máis parecido a xogar a un videoxogo que a segar almas.

(Escoitamos o son dun disparo sobre o casco, un berro e a música que soaba no seu interior dun modo máis claro. Trátase de “Wellcome to the jungle” de Guns and Roses, un dos temas que os soldados do exército americano levaban no casco mentres combatían na guerra do Iraq)

Hai uns anos, o compositor da sintonía de *Barrio Sésamo* denunciou o goberno de Estados Unidos porque utilizaban a súa música para interrogaren e torturaren presos durante a guerra de Iraq...

...Todo o que te alimentou algunha vez pode destruírte agora.

Existe unha nota, individual e persoal, diferente para cada un de nós, que fai vibrar os ósos do noso cranio.

(Soa unha voz humana moi aguda e constante, buscando ese punto. Parece un alumno dunhas clases de canto)

Agora somos dúas voces. Para non te aborreceres, para non dormires á sombra dos loureiros.

VOZ 2: Margaret Thatcher, a *Dama de Ferro*, traballou teimosamente cun logopeda para controlar a súa maneira de falar.

Non tiña ningún problema, non seseaba, non ceceaba nin lle escorregaba ningunha sílaba, mais ela quería agravar o seu ton. Para ela, a voz era autoridade. O ruído era poder.

A dama de ferro ansiaba unha voz grave e masculina con que poder enfrontarse a homes de todos os países, a violentos sindicalistas e machistas líderes de goberno.

VOZ 1: Existe un aparello parecido a eses camións mangueira que se usan para disolver manifestacións, que emite un son dunha potencia sobrehumana.

Un tanque que dispara ondas sonoras máis lentas que a luz, pero máis veloces que un mísil terra-aire.

VOZ 2: O ruído é máis lento que os escintileos da luz. Calculas a distancia da tormenta contando segundos entre o raio e o trono. Unha fórmula tan útil que non mudou nada desde a época dos viquingos.

VOZ 1: Nalgunhas discotecas notaches como se moven as túas vísceras co bombo das cancións *techno*. Pero iso nunca te preocupou se te facía sentir vivo.

VOZ 2: As cidades con máis contaminación acústica do planeta son: Xapón, Madrid e México D.F.

VOZ 1: Non deberías ir a esas discotecas sen uns bos tapóns.

VOZ 2: Se a túa radio é estéreo, este é o teu lado esquerdo (*este fragmento do texto está balanceado cara ao lado esquerdo*). E este o teu lado dereito (*estoutra frase está panoramizada á dereita do estéreo*).

Se algunha vez che fixeron un test de audición, saberás que che poñen uns auscultadores e emiten sons en diferentes frecuencias por cada unha das canles. Algunhas frecuencias van directas ao teu ouvido esquerdo e outras ao dereito.

(Escoitamos un “bip” agudo por cada altofalante. Utilizando o estéreo)

(Os sons comezan moi baixiño e van subindo de intensidade)

Has de ter un pulsador na man e, cando escoitas o son, apertas o botón para o deter. Así...

(Os sons cesan e, no seu lugar, ocupa o espazo un son xordo, como se o ouvinte recibise un golpe no ouvido)

Moitas das frecuencias do teu ouvido están varridas. Os nervios do teu sistema de audición están dobregados polo ruído.

VOZ 1: Os vellos case non poden ouvir nada.

VOZ 2: Pero ti decidiches aceptalo e chamarlle música.

(Esta parte do texto está balanceada para a canle esquerda). Din que se falas por teléfono colocando o auricular no teu ouvido esquerdo, o que a outra persoa che di será procesado maioritariamente polo teu hemisferio racional e que, se escoitas a conversación polo outro ouvido (a seguinte parte balanceada para a dereita), afectará máis o teu hemisferio emocional. Se estás a usar auscultadores estou afectando directamente a túa liña de pensamento.

(Escóitase outra vez o son da música no interior do casco do soldado e, logo, disparos dunha metraladora. Cesa)

VOZ 3: E agora somos tres voces, unha moi intelixente e aguda, outra pobre, falta de medios e outra sempre sería e grave.

VOZ 1: A este lado das ondas sucedemos, sen poderes interferir connosco.

VOZ 2: Di algo, veña.

VOZ 3: Si! Di algo! Aínda que ninguén te vaia escoitar.

(Silencio)

VOZ 2: Non dixeches nada.

VOZ 3: Pschhh! escoita.

(Silencio)

VOZ 3: Iso é o que sucede aí fóra. Había moito que non reparabas niso... Verdade?

(Silencio)

VOZ 1: Aquí dentro non hai nada diso.

VOZ 2: Pscht! Déixame escoitar.

(Pausa)

VOZ 1: Hai que reinventar o silencio.

VOZ 3: O silencio é sexy.

VOZ 2: O silencio é morte.

(Pausa)

VOZ 1: Este fragmento do programa ten a mellor librería de sons posíbel.

VOZ 3: A que máis che doe.

Voz1: A realidade.

(Silencio)

VOZ 3: Porque recorda que non son eu, nin eles, nin é o son dos dedos sobre o teclado nin a tose, nin a maneira de tragar da túa noiva o que, en verdade, te incomoda...

VOZ 1: ...Querido ouvinte... Iso que tanto te irrita é a túa propia atención totalmente dedicada a unha soa cousa. Sen ningún ruído ou interferencia... que impida virares completamente tolo.

Porque se algo te obsesiona...

VOZ 3: Acabará mal.

VOZ 1: Acabarás mal.

VOZ 2: John Cage introduciuse nunha cámara silenciosa. Selada. Onde ningún ruído do exterior podía interferir co silencio... e detectou dous sons:

VOZ 1: Un agudo.

VOZ 3: E outro grave.

VOZ 2: O son agudo correspondía co seu propio sistema nervioso, eléctrico e estimulado permanentemente.

(Son breve de electricidade)

VOZ 3: O son grave respondía ao seu sistema circulatorio. O sangue fluíndo polo circuíto pechado do seu corpo.

(Escoitamos catro latexos de corazón. Cesa)

VOZ 2: Pero, mentres investigaba a calidade do silencio... John Cage eliminou accidentalmente o ruído, chamándolle música a calquera cousa...

VOZ 1: ...Que queiramos chamar música.

VOZ 3: Deixando a bóla no noso tellado.

(Catro latexos máis)

VOZ 2: Isto que estás a escoitar podería ser unha alucinación auditiva.

VOZ 3: Moita máis xente da que cres as sofre. Son inimigos silenciosos, como algúns infartos que afectan a esas persoas que nunca se queixan de nada.

VOZ 2: Infartos que lles dan a señoras tan comprometidas coas súas familias que, simplemente, comentan un pouco coas súas amigas o cansas que están e botan uns días na cama.

VOZ 1: Algunhas persoas non poden deixar de escoitar ruído a todo volume no interior da súa cabeza... *(O volume desta voz sobe progresivamente)*. Moitas veces, trátase dun son que se repite.

(Entra a Voz 2, a modo de canon repetindo a intervención de VOZ 1): Algunhas persoas non poden deixar de escoitar ruído a todo volume no interior da súa cabeza... *(O volume desta voz sobe progresivamente)*. Moitas veces, trátase dun son que se repite.

VOZ 1: ...Que se repite sen cesar, facendo imposíbel escoitar as cousas que suceden no exterior.

(Entra a Voz 3, a modo de canon repetindo a intervención das voces 1 e 2): Algunhas persoas non poden deixar de escoitar ruído a todo volume no interior da súa cabeza... (O volume desta voz sobe progresivamente). Moitas veces trátase dun son que se repite.

VOZ 1: Outras alucinacións consisten na imposibilidade de tirar unha melodía ben pegañenta do pensamento. Unha melodía estúpida que o alaga todo.

VOZ 3: Lembro o caso dunha señora que escoitaba o himno do seu país a máxima potencia. Cando terminaba, a señora dispuña de tres minutos de descanso e, entón, o himno volvía soar desde o principio.

VOZ 2: Como unha apisoadora.

VOZ 3: Moitas destas alucinacións non se deteñen mentres as persoas descansan.

VOZ 1: Ás veces, resulta imposíbel mesmo durmir.

VOZ 2: Ti tamén estiveches a piques de experimentar estas cousas. Tamén notaches como algunhas cancións que posúen esta facultade tan pegañenta fican vagando dentro do teu cranio incluso tras unha única escoita.

VOZ 3: Pénsao. Poderíamos ser unha alucinación.

VOZ 1: Podes silenciar a radio se queres. Así saberás o que está a suceder en realidade.

(Pausa/silencio)

VOZ 2: Ves? O silencio atrae máis a túa atención que o ruído.

VOZ 1: A guerra do futuro será completamente silenciosa.

VOZ 3: Serán drons, que case non farán ningún barullo ao voaren... os que aniquilarán as persoas.

VOZ 2: Só o metal se encherá de sangue, será rápido, limpo e efectivo. Ninguén gritará.

(Escoitamos dous disparos con silenciador)

VOZ 2: O silencio será, máis que nunca, a ausencia de vida.

(Pausa/silencio)

VOZ 3: O silencio é morte.

(Soan de novo as metralladoras)

VOZ 1: A guerra entre o ruído e o silencio comezou.

(Cesan)

VOZ 2: *Einstürzende Neubauten* foron o grupo de ruidismo máis absoluto da historia do rock and roll.

VOZ 1: Facían música...

VOZ 2: Ou ruído.

VOZ 1: Ou ruído... con anacos de chapas metálicas que había tiradas ao redor do muro de Berlín.

VOZ 3: Loitaban polo seu dereito á vida. Polo seu dereito ao ruído.

VOZ 2: *Einstürzende Neubauten* significa “novos edificios a piques de se derrubar”.

VOZ 1: Unha vez, meteron unha bóla de demolición nun estudo de gravación, tan só para recoller o ruído da bóla golpeando contra o chan.

VOZ 3: Rompeu o pavimento.

VOZ 1: Un técnico quedou xordo dun ouvido.

VOZ 2: Todo mudou cando, en 1998, o seu cantante, o poeta Blixa Bargeld, compuxo a canción “*Silence is Sexy*”. O silencio é sexy.

(Soa o fragmento final da canción no que se escoitan, sen máis instrumentación, as voces dunha multitude cantando a frase que dá nome ao tema, a pleno pulmón, nunha rúa de Berlín)

Multitude:

SILENCE... IS SEXY!

SILENCE... IS SEXY!

VOZ 3: As novas leis implican, de novo... estares calado.
Non faceres ruído.

VOZ 2: Os alcaldes das cidades fan *testes* aos músicos de
rúa para lles conceder o dereito a tocaren nas rúas...

VOZ 1: Sen faceren ruído.

(Cesa a multitude)

(Soa Tocata e Fuga en Re menor de Bach)

VOZ 2: Hai moito tempo alguén cualificou de ruído estas
harmonías.

*(Cesa a fuga e soan dúas pancadas sobre o traseiro dun bebé. Ao
instante, escoitamos tamén o primeiro choro do bebé que acaba
de nacer)*

VOZ 1: Nunca poderías cualificar de ruído este momento.

(Cesa)

VOZ 3: Facerlles *castings* aos músicos de rúa é como expedir carnés de natación aos peixes.

VOZ 2: Como outorgar licenza de caza a un león de Damasco.

VOZ 1: Como facer un test oftamolóxico a unha aguiña real.

(Soa ambiente de praza con músico tocando)

VOZ 2: Non está permitido levantar a voz nas rúas. Non está permitido reunirse para pensar. Non está permitido facer ruído.

(A praza fúndese co ambiente sonoro dunha manifestación, elévase a protesta)

VOZ 1: E, aínda así, as cidades deixan afónicos os paxaros, xordas e murchas persoas e abren as súas portas a unha morte silenciosa que se instala rápido e mata devagar...

VOZ 3: Estamos prestos para descubrir que a causa das doenzas máis graves podería ser a ausencia de ruído. O malestar permanente. O engulir as palabras. O inspirar dor no máis absoluto dos silencios.

VOZ 2: Tratamos de colorir o ruído. Pensamos que así o dominaremos. Cremos que, pón dollle nome... poderemos controlalo.

VOZ 3: E abrimos a porta ao silencio, que é o verdadeiro inimigo dentro da casa.

VOZ 1: Ruído branco, ruído rosa... Categorías que o propio ruído non entende.

VOZ 2: Veña... Apaga o transistor, estamos ficando sen ideas. Esta interferencia está próxima á fin.

VOZ 3: Non volveremos... De feito, xa non estamos aquí.

VOZ 1: E cando ficarmos sen ideas... Volverá o silencio.

VOZ 2: E na ausencia de todo, non encontrarás a onde te agarrar.

VOZ 3: Choven frecuencias sobre ouvidos xordos.

VOZ 2: Faltos de medios.

VOZ 1: Dores agudas.

VOZ 3: Isto é grave, amigo... É grave.

(As tres voces comezan a falar simultaneamente)

3 VOCES: Benvido á guerra silenciosa.

Onde che ensinan a morderes a lingua e a escribírelo todo en vez de o poderes gritar.

Benvidos ao máis aborrecido dos estados.

Onde comezarás a dubidar se estas cousas que che digo están a suceder no exterior ou no interior da túa cabeza.

Cunha mordaza invisíbel na boca, como o traxe do emperador.

Benvido á guerra silenciosa, onde a música soa nos cascos dos que disparan antes de preguntaren, onde as vítimas nin sequera teñen o dereito a escoitaren as cancións que escolleron para acabar con elas.

(Pausa)

3 VOCES: Escoita... o que está pasando.

Escoita o teu corazón.

Escoita o teu sistema nervioso.

E dime que non tes tanto medo como nós.

(Escóitase un son de desconexión e un razoábel silencio morto)

<i>Presentación</i>	3
<i>Limiar</i>	5
<i>Explotados</i>	9
<i>A primeira vez</i>	23
<i>Para o norte</i>	37
<i>A guerra silenciosa</i>	51

galega



VIII Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico 2014



XUNTA
DE GALICIA